



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACION DA SUBMINISTRACIÓN DE UN EQUIPO DE BACHEO (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E CAIXA BASCULANTE) MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCEIRO (OPERACIÓN DE LEASING). EXPTE. REF 49-2016. APERTURA DA PROPOSTA TÉCNICA.

Sendo as 12:45 horas do día 4 de xaneiro de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vocais:

- Don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Municipal.
- Don José Reigosa García, Xefe do Parque Móbil do Concello.
- Don José María González Rodríguez, Técnico de Administración Xeral e Xefe do Servizo de Urbanismo do Excmo. Concello de Lugo, que actúa como Vicesecretario accidental.
- Don José Luis García Núñez, Auxiliar Administrativo do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, actuando como secretario.

Asiste así mesmo don Antonio Astorgano Casal, da empresa INTURASA PÉREZ RÚMBAO, S.A.

Abre a sesión o Sr. Presidente e a continuación procede á apertura do sobre B) correspondente á proposta técnica suxeita a criterios non avaliábles automaticamente, observándose no mesmo os seguintes documentos:

- Folleto informativo do camión Iveco Eurocarga.
- Dossier informativo
- Memoria descriptiva que contén: prestacións técnicas e de equipamento así como melloras de prestacións técnicas e de equipamento.
- Proposta de servizo técnico e de mantemento.


Á vista do exposto por parte dos membros da Mesa de Contratación acórdase enviar a proposta técnica a informe do Xefe do Parque Móbil, aos efectos da súa avaliación, tendo en conta o disposto na cláusula décimo segunda, apartado A.2 (criterios non avaliábles automaticamente).

Compre salientar que sendo a mercantil INTURASA PÉREZ RUMBAO, S.A. a única empresa que concorre, e tendo manifestado o seu representante, presente no acto, que como empresa comercializadora de vehículos, só presentan oferta para a subministración do mesmo; aínda no caso de que dita oferta cumprise, conforme ao informe técnico solicitado, tódolos requisitos e de que fose seleccionada, de ser o caso, pola mesa de contratación, debería o órgano de contratación pronunciarse sobre o mantemento de dita oferta no caso de iniciarse


un novo procedemento de contratación unicamente para a selección de empresa financeira, sempre e cando esta empresa manfieste a súa intención de manter a mesma.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:15 horas no lugar sinalado no encabezamento.


O PRESIDENTE,



Asdo: Xosé Manuel Cao Bai



O SECRETARIO,



Asdo: José Luis García Núñez.